ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO XOVES 11 DE MAIO DE 2023

No Salón de Sesións da Casa do Concello, ás 18:00 horas do xoves 11 de maio de 2023 ten lugar a sesión Extraordinaria, en Primeira convocatoria, baixo a presidencia da alcaldesa, D.ª Alejandra Pérez Máquez, do grupo municipal socialista, e coa asistencia dos/as señores/as concelleiros/as seguintes:

Grupo municipal Socialista (PSdG-PSOE):
D.ª Patricia María Vázquez Figueroa
D. José Ramón Lorenzo Carou
D.ª María Begoña Calviño Dorado
D. Juan Francisco Sánchez López
D. Santiago Franco Blanco

Grupo municipal do Partido Popular (PP)
D. Francisco Manuel Fafián Torreiro (voceiro)
D.ª Alicia María Souto Ramos
D.ª María Loreto Caseiras Arroyo

Grupo municipal de Alternativa dos Veciños (AV)
D. Juan Antonio Fariña Pedreira (voceiro)

Non asisten o sr. concelleiro D. Eloy Babío Veiga do grupo municipal de AV, Dª. María Arca Nieto do grupo municipal do PP e D. David Carro Temprano do grupo mixto.

Foron asistidos pola interventora municipal, D.ª Laura Gutiérrez Ortiz, e pola secretaria xeral, D.ª Ana M.ª Cacharrón Castelos.

Aberta a sesión, os/as asistentes pasaron a estudar os asuntos incluídos na **orde do día:**

1. APROBACIÓN PROVISIONAL DAS TARIFAS DO SERVIZO DE TAXI DO CONCELLO DE BERGONDO PARA O ANO 2023.
2. PLAN DE MOBILIDADE SOSTIBLE DO CONCELLO DE BERGONDO.
3. MODIFICACIÓN ORZAMENTO MUNICIPAL DO EXERCICIO 2023 MEDIANTE SUPLEMENTO DE CRÉDITO E CRÉDITO EXTRAORDINARIO. 2_SC.
4. APROBACIÓN INICIAL DO PLAN DE SANEAMENTO MUNICIPAL 2023_ 4ª FASE.

1. APROBACIÓN PROVISIONAL DAS TARIFAS DO SERVIZO DE TAXI DO CONCELLO DE BERGONDO PARA O ANO 2023.

EXPEDIENTE: 2022/X006/000311

Dáse conta da proposta ditaminada favorablemente por unanimidade de votos a favor, pola Comisión informativa de Asuntos do Pleno, en xuntanza do 8 de maio de 2023, que transcrita literalmente di:

"Antecedentes:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público)

CVD: zYk9e8fa1J0Ky5XAkLuo
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Primeiro. *A Asociación de Taxis de Bergondo presentou un escrito con núm. de rexistro de entrada 202200000002260, do 21.12.2022, no que se recolle a proposta de revisión da tarifa urbana de taxis que se estima necesaria para a rentabilidade económica da actividade de taxi no Concello de Bergondo, para o que se achega o estudo económico xustificativo de gastos e ingresos.*

Segundo. *O citado estudio someteuse a información pública por un prazo de quince días hábiles mediante anuncio publicado no BOP nº 17 do 25 de xaneiro de 2023.*

Así mesmo, deuselles traslado ás asociacións veciñais, de empresarios e traballadores máis representativas do sector, e asociacións de consumidores e usuarios, consonte co previsto no artigo 22.1 do Real Decreto 763/1979, de 16 de marzo, a fin de que, así mesmo, poidese ser examinado o expediente completo nas oficias xerais do Concello e poidan presentar as reclamacións ou suxerencias que estimen oportunas.

Terceiro. *Con data 10.02.2023, e núm. rexistro de entrada 202390000000092, recíbese informe favorable ás tarifas solicitadas pola Federación Autónoma de Taxi de Galicia.*

Cuarto. *Con data 21 de marzo de 2023 e núm. de rexistro de saída 202390000000277 elevouse o expediente completo tramitado ao Consello Galego de Transporte.*

Quinto*. Con data 30 de mrzo de 2023, e núm. de rexistro de entrada 202390000000248, recíbese escrito do Consello Galego de Transportes, no que se nos indica que, de conformidade coa nova redacción do artigo 40.4 da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, establecida pola Lei 7/2019, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 246, do 27 de decembro), soamente é preceptivo dar audiencia ao Consello Galego de Transportes, previa a súa aprobación, para fixar as tarifas aplicables aos servizos interurbanos. Polo tanto, indícannos que podemos continuar coa tramitación da actualización das tarifas aplicables aos servizos urbanos de taxi, sen que teña que pronunciarse o Consello Galego de Transportes, pero recordan que a aprobación das tarifas está suxeita á lexislación vixente en materia de prezos.*

Sexto. *Con data 5 de abril de 2023 e núm. de rexistro de saída 202390000000321 elevouse o expediente completo tramitado á Comision de Prezos de Galicia.*

Sétimo. *O pasado 11 de abril de 2023, recibiuse escrito do Servizo de Ordenacion da Direccción xeral de Comercio e Consumo , con núm. de rexistro de entrada 202390000000300, polo que requírennos o complemento da documentación enviada, coa certificación do acordo plenario ou da xunta de goberno onde se aproben provisionalmente as tarifas citadas.*

Logo de ver os artigos 22 e 23 do Real Decreto 763/1979, de 16 de marzo, por el que se aprueba el Reglamento Nacional de los Servicios Urbanos e Interurbanos de Transportes en Automóviles Ligeros, e o atigo 40 da Lei 4/2013, de 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, pola presente propoño ao Pleno do Concello que, previo ditame da Comiisón informativa, adopte o seguinte ***ACORDO:***

PRIMEIRO.- *Aprobar provisionalmente as novas tarifas urbanas do servizo de taxi do Concello de Bergondo para o ano 2023, segundo a proposta presentada pola Asociación de Taxis de Bergondo, con núm. de rexistro de entrada 202200000002260, do 21.12.2022, e que se recollen como anexo ao presente acordo.*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público)

CVD: zYk9e8fa1J0Ky5XAkLuo
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

SEGUNDO.- *Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Ordenacion da Direccción xeral de Comercio e Consumo da Vicepresidenica primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, para os efectos da súa aprobación, se procede.*

ANEXO

Tarifa 1: Aplicable en días laborables, de luns a venres, de 06:00 a 22:00 horas:

CONCEPTO	***EUROS CON IVE***
BAIXADA DE BANDEIRA*	*3,85*
KILÓMETRO PERCORRIDO	*1,15*
HORA DE ESPERA	*17,00*

** A baixada de bandeira, inclúe un percorrido de 1.700 metros ou tempo equivalente.*

Tarifa 2: Aplicable en días laborables de 22:00 a 06:00 horas de luns a venres; os sábados, domingos, festivos, así como os días 24 e 31 de decembro, as 24 horas:

CONCEPTO	***EUROS CON IVE***
BAIXADA DE BANDEIRA*	*4,90*
KILÓMETRO PERCORRIDO	*1,35*
HORA DE ESPERA	*22,00*

** A baixada de bandeira, inclúe un percorrido de 1.700 metros ou tempo equivalente.*

Suplementos:

CONCEPTO	***EUROS CON IVE***
CANS OU GATOS	*1,00*
OCUPACIÓN MALETEIRO	*1,00*
NADAL E FIN DE ANO **	*2,00*

Non se cobrarán suplementos por levar cadeiras de rodas de persoas con discapacidade, bebés ou cans guía

*** O suplemento de Nadal e Fin de ano, aplicarase dende as 22:00 horas do 24 de decembro e as 8:00 horas do 25 de decembro; así como o 31 de decembro, dende as 22:00 horas ata as 8:00 horas do 1 de xaneiro.*

O usuario terá dereito ao transporte dun bulto de equipaxe ou pertenza por persoa usuaria, consonte ao dispsoto no Regulamento da Lei 4/2013, do 4 de maio.

Bergondo, 26 de abril de 2023

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público)

CVD: zYk9e8fa1J0Ky5XAkLuo
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

A alcaldesa. Alejandra Pérez Máquez."

A Sra. Alcaldesa sinala que, tal e como se comentou na Comisión Informativa, o presente é un expediente cunha tramitación longa, existindo ademais, neste caso, a particularidade de que se produciu un cambio de normativa dende a última vez que se tramitou, procedendo agora a aprobación provisional da proposta.

A Sra. Caseiras Arroyo sinala que, como a proposta ven abalada polo propio sector de taxis de Bergondo e conta cos informes pertinentes, o seu voto será favorable.

O Sr. Fariña Pedreira manifesta que o seu voto será favorable.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese o ditame a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: seis (6) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: tres (3) votos a favor; grupo municipal de Alternativa dos Veciños: un (1) voto a favor. Total dez (10) votos a favor.

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase aprobado, por unanimidade de votos a favor o ditame que devén en acordo nos termos antes transcritos.

2. PLAN DE MOBILIDADE SOSTIBLE DO CONCELLO DE BERGONDO.

EXPEDIENTE:2023/X998/000014.

Dáse conta da proposta ditaminada favorablemente por maioría de votos a favor, pola Comisión informativa de Asuntos do Pleno, en xuntanza do 8 de maio de 2023, que transcrita literalmente di:

"Antecedentes:

- Con data 14 de febreiro de 2022, dende a Alcaldía, motívase a contratación da redacción deste plan en previsión das futuras e diferentes liñas de financiamento a través dos Programas europeos de Recuperación, Transformación e Resiliencia, xa que é un plan esixible para poder acceder á unha parte importante das convocatorias destes programas.

- Por Resolución da alcaldía núm. 295/2022, do 16 de marzo de 2022, adxudicouse o contrato menor de servizos nomeado "Plan de mobilidade sostible de Bergondo", fixando a duración do contrato en 6 meses, a autorizando o gasto polo importe de 16.698,00€ (con IVE), con cargo á partida orzamentaria 150/227.06 do vixente orzamento municipal.

- Con data 2 de decembro de 2022, e número de rexistro de entrada 202299900004001, preséntase o Plan de mobilidade sostible de Bergondo, elaborado polo equipo multidisciplinar integrado por: Luciano González Alfaya Arquitecto. Máster en Planificación Estratéxica. Técnico Superior de Urbanismo; Patricia Muñiz Núñez Doutora Arquitecta. Máster Metrópolis en Cultura Urbana. U.P.C; David López Wilkes Xeógrafo. Máster en Administración Local; Michael Juan Sierra Arquitecto. Universidade da Coruña. E coa consultoría no proceso de participación e traballo de campo, INZAREDE, e co argumento da necesidade de tramitar o procedemento para avanzar cara á consecución dos obxectivos da política de mobilidade sustentable baseados na

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público)

CVD: zYk9e8fa1J0Ky5XAkLuo
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

contribución á mellora do medio ambiente urbano, á saúde e seguridade dos cidadáns, así como á mellora da eficiencia, integrando políticas que minimicen os desprazamentos habituais promovendo a accesibilidade, conforme á Lei 2/2011, de 4 de marzo, de Economía Sustentable.

- O Arquitecto municipal informa o documento 17 de marzo de 2023.

- Con data 24 de marzo de 2023, e número de rexistro de entrada 202399900001024 a empresa adxudicataria presenta o Plan de mobilidade sostible de Bergondo coas correccións indicadas polo arquitecto municipal no seu informe.

- Con data 26 de abril de 2023 o arquitecto municipal informa favorablemente o documento presentado.

- Con data 2 de maio de 2023, emítese informe pola secretaria municipal.

Por todo o exposto, proponse ao Pleno municipal, que logo do ditame da Comision informativa , a adopción do seguinte ***ACORDO****:*

PRIMEIRO. *Aprobar o Plan de mobilidade sostible do Concello de Bergondo, segundo consta no expediente administrativo de referencia.*

SEGUNDO. *Remitir Edicto ao Boletín Oficial da Provincia, a fin de que se proceda á información pública e audiencia aos interesados durante o prazo de trinta días hábiles, que comezarán a contarse a partir do seguinte ao da devandita publicación, inseríndose copia do Edicto no taboleiro de anuncios deste concello e no taboleiro de anuncio da sede electrónica, xunto co texto íntegro do Plan.*

TERCEIRO. *No caso de que se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o citado expediente, procederase á súa resolución, previos os informes oportunos, polo Pleno da Corporación, procedéndose, unha vez resoltas, a aprobación definitiva do expediente con anuncio no Boletín Oficial da Provincia e á publicación do documento na sede electrónica municipal https://sede.bergondo.gal/sxc/gl/*

CUARTO. *Que no caso de que non se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o expediente, considerarase que o mesmo queda aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo posterior, procedendo de seguido á publicación indicada no apartado precedente.*

Bergondo, 2 de maio de 2023

A alcaldesa. Alejandra Pérez Máquez."

A Sra. Alcaldesa manifesta que, tal e como se comentou na Comisión Informativa, decidiuse contratar a redacción dun Plan de Mobilidade Sostible, xa que se trata dun documento necesario para poder concorrer as distintas axudas que vaian xurdindo, sobre todo no ámbito dos fondos europeos.

Así mesmo, indica que, tal e como se comentou, non se trata dun PMUS moi ambicioso no sentido de recoller todas as eivas de mobilidade existentes no Concello, senón que unicamente se centra en tres puntos localizados, derivados das enquisas realizadas e das reunións cos distintos departamentos municipais e grupos políticos. Así

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público)

CVD: zYk9e8fa1J0Ky5XAkLuo
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

pois, sinala que o texto centrase nos problemas existentes en Guísamo, na zona onde está situada a Casa Consistorial e na zona de Gandarío, aínda que quedan zonas onde tamén se dan problemas de mobilidade tales como a do Pedrido ou Lubre, entre outras. Non obstante, recorda que se trata dun documento vivo que se poderá ir completando co paso do tempo.

A Sra. Caseiras Arroyo sinala que o documento en cuestión, froito do estudo e da recollida de datos existentes na realidade, proporciona unha visión da triste realidade existente no Concello de Bergondo; destaca certas cuestión recollidas no Plan de Mobilidade Sostible, tales como a problemática existente na rede peonil dos núcleos urbanos, a cal destaca significativamente no caso de Bergondo por ser un concello cunha gran dispersión, así como a falta dunha rede peonil que garanta a seguridade, así como a existencia de só tres roteiros ciclistas; e fala do informe DAFO, que sinala que se contabilizan 9 debilidades, 10 ameazas e tan só 9 fortalezas, das cales ningunha se deriva da acción do Concello senón que son resultado das características naturais do territorio.

A Sra. Alcaldesa sinala que a Sra. concelleira unicamente se está a fixar nas debilidades existentes no Concello, as cales xa son coñecidas por todos os que coñecen as características que presenta o seu territorio, e non ten en conta en ningún momento as oportunidades que presenta o mesmo. Así mesmo, sinala que o PMUS é un documento que, efectivamente, reflicte a realidade existente, pero unha vez aprobado, permitirá acudir as distintas liñas de axuda que xurdan para así dar solución aos problemas detectados.

O Sr. Fariña Pedreira sinala que o debate se está a desviar do obxectivo da proposta, que é o de aprobar o Plan de Mobilidade Sostible do Concello de Bergondo o cal ten que reflectir necesariamente a realidade existente no mesmo e que proporciona una diagnóstico do que é preciso partir para buscar as posibles solucións.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese o ditame a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: seis (6) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: tres (3) votos a favor; grupo municipal de Alternativa dos Veciños: un (1) voto a favor. Total dez (10) votos a favor.

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase aprobado, por unanimidade de votos a favor o ditame que devén en acordo nos termos antes transcritos.

3. MODIFICACIÓN ORZAMENTO MUNICIPAL DO EXERCICIO 2023 MEDIANTE SUPLEMENTO DE CRÉDITO E CRÉDITO EXTRAORDINARIO. 2_SC.

Dáse conta da proposta ditaminada favorablemente por maioría de votos a favor, pola Comisión informativa de Asuntos do Pleno, en xuntanza do 8 de maio de 2023, que transcrita literalmente di:

"Elaborado o expediente sobre modificación de créditos do Estado de Gastos do Orzamento Municipal para o actual exercicio de 2023, mediante a forma de ***suplemento de crédito e crédito extraordinario****, por importe total de* ***1.446.887,71*** *euros, para facer fronte ás obrigas a cargo desta Corporación, relativas ó capítulo VI correspondente a gastos de inversión e ó capítulo II correspondente a gastos correntes en bens e servizos e tendo en conta o establecido na documentación obrante no expediente, e previo Informe da Intervención Municipal, preséntanse os créditos que se pretenden modificar desglosados por aplicacións orzamentarias xunto coa súa financiación.*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público)

CVD: zYk9e8fa1J0Ky5XAkLuo
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

En consecuencia, proponse ó Pleno, a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: *Aprobar a proposta de modificación de créditos baixo a modalidade de suplemento de crédito e crédito extraordinario, por importe total de* ***1.446.887,71*** *euros, debendo ser incrementados os créditos correspondentes ás aplicacións orzamentarias que se detallan a continuación e polo importe reflectido:*

SUPLEMENTO DE CRÉDITO E CRÉDITO EXTRAORDINARIO

Capítulo VI: Inversións reais:

Aplicación orzamentaria	***Concepto orzamentario.***	***Consignación inicial***	***Modificacións anteriores***	***Incremento***	***Consignación Definitiva tras esta modificación***
1531/609.00	*Renovación vías públicas, acondicionamento estradas e acceso a núcleos de poboación*	*0,00*	*350.900,00*	*580.387,49*	*931.287,49*
171/619.01	*Inversión reposición. Mellora área recreativa*	*70.000,00*	*0,00*	*75.225,95*	*145.225,95*
337/632.00	*Inversión reposición instalacións ocupación tempo libre*	*0,00*	*0,00*	*41.835,65*	*41.835,65*
342/632.00	*Inversión reposición instalacións deportivas*	*0,00*	*737.000,64*	*459.186,92*	*1.196.187,56*
171/619.00	*Inversión reposición. Mellora de parques*	*225.000,00*	*160.560,43*	*20.657,45*	*406.217,88*
341/625.00	*Equipamento deportivo*	*2.000,00*	*423,50*	*22.794,65*	*25.218,15*
160/632.00	*Inversión reposición outras construccións*	*0,00*	*0,00*	*199.977,58*	*199.977,58*
	CAPÍTULO VI: TOTALIDADE DE CRÉDITO	*297.000,00*	*1.248.884,57*	*1.400.065,69*	*2.945.950,26*

Capítulo II: Gastos en bens correntes e de servizos:

Aplicación orzamentaria	***Concepto orzamentario.***	***Consignación inicial***	***Modificacións anteriores***	***Incremento***	***Consignación Definitiva tras esta modificación***
170/227.99	*Traballos doutras empresas. Limpeza de praias*	*75.000,00*	*0,00*	*46.822,02*	*121.822,02*
	CAPÍTULO II: TOTALIDADE DE CRÉDITO	*75.000,00*	*0,00*	*46.822,02*	*121.822,02*

TOTAL SUPLEMENTO DE CRÉDITO: 165.500,07 EUROS

TOTAL CRÉDITO EXTRAORDINARIO: 1.281.387,64 EUROS

TOTAL MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA: 1.446.887,71 EUROS

O financiamento desta modificación de crédito proposta realizarase con cargo a:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público)

CVD: zYk9e8fa1J0Ky5XAkLuo
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Remanente líquido de Tesourería co seguinte desglose:

Remanente líquido de Tesourería a esta data:	*3.917.069,99 euros*
Cantidade que se precisa utilizar neste expediente:	*1.446.887,71 euros*
Diferencia, cantidade de Remanente sobrante:	*2.470.182,28 euros*

Consecuentemente coas modificacións acordadas, o Orzamento de 2023 queda como segue:

Resumo da modificación orzamentaria por capítulos de gasto

Capítulo	***Consignación inicial***	***Modificacións anteriores***	***Aumento***	***Disminuc***	***Consignación definitiva***
1.- Gastos de persoal	*2.336.186,93*	*77.200,25*	*0,00*	*0,00*	*2.413.387,18*
2.- Gastos bens correntes e servic.	*4.000.143,75*	*441.472,11*	*46.822,02*	*0,00*	*4488437,88*
3.- Gastos financeiros	*0,00*	*0,00*	*0,00*	*0,00*	*0,00*
4.- Transferencias correntes	*311.410,50*	*10.960,00*	*0,00*	*0,00*	*322.370,50*
6.- Inversións reais	*1.583.154,22*	*2.978.399,32*	*1.400.065,69*	*0,00*	*5.961.619,23*
7.- Transferencias de capital	*0,00*	*0,00*	*0,00*	*0,00*	*0,00*
8.- Activos financeiros	*22.000,00*	*0,00*	*0,00*	*0,00*	*22.000,00*
9.- Pasivos financeiros	*0,00*	*0,00*	*0,00*	*0,00*	*0,00*
TOTAIS	*8.252.895,40*	*3.508.031,68*	*1.446.887,71*	*0,00*	*13.207.814,79*

SEGUNDO. *Que se continúe a tramitación do expediente, con inmediata exposición ó publico durante 15 días hábiles no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos da Sede electrónica do Concello de Bergondo.*

TERCEIRO. *Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo, considerarase definitivamente aprobado, debendo cumprirse, en ambos trámites, a publicación no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos da Sede electrónica do Concello de Bergondo.*

CUARTO. *Remitir copia do expediente á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.*

O Pleno decidirá o que estime mais conveniente.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público)

CVD: zYk9e8fa1J0Ky5XAkLuo
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Bergondo, na data que figura na marxe

A Alcaldesa. Asdo. Alejandra Pérez Máquez."

A Sra. Alcaldesa sinala que, tal e como comentaba na Comisión Informativa, parte das propostas incluídas no suplemento son consecuencia de ter solicitado subvencións, como, por exemplo, a da mellora do pavillón en Guísamo e as melloras de equipamento na pista de San Cidre. En relación ao proxecto de mellora da depuradora do polígono, sinala que tamén foi solicitada unha subvención que non foi concedida pero na que si está o Concello en lista de agarda.

Por outra banda, sinala que, a maiores, proponse a dotación de crédito para realizar dúas actuacións e para incrementar o crédito da obra de acondicionamento da zona de merendeiro en Lubre, a cal xa foi incluída nos orzamentos polo importe de 70.000 euros, pero cuxo proxecto, finalmente, ascende a 145.000 euros.

Prevense dous proxectos de acondicionamento de marxes para facilitar o paso dos peóns dende Viladesuso ata a DP-105 e na estrada de Pisón. Así mesmo, sinala que tamén se prevé o crédito para a construción dun parque biosaludable en Tatín e para amañar a cuberta do centro da mocidade.

Por último, sinala que se consigna crédito para gastos correntes para cubrir a limpeza de praias, para a cal foi consignado no orzamento un importe inferior ao que finalmente se recolle no estudo de custes.

O Sr. Fafián Torreiro considera que a presente proposta puidera haber sido formulada con anterioridade ante o Pleno e non con tanta proximidade a data de celebración das eleccións.

O Sr. Fariña Pedreira sinala que é unha magoa que non houbesen podido chegar a tempo para ser introducidos no suplemento, por un lado, o proxecto de beirarrúas da Lagoa que presenta un problema estrutural importante, e por outro o proxecto encargado fai meses relativo a pavimentación de camiños en todas as parroquias.

A Sra. Alcaldesa aclara que, en canto as beirarrúas da Lagoa, existe un anteproxecto e foi encargado un estudo do problema existente o cal xa foi remitido. Así mesmo, sinala que esta mesma semana estiveron na zona técnicos da Xunta para analizar a situación, xa que non se trata dun problema unicamente municipal. Así pois, manifesta que non valería de nada arranxar as beirarrúas senón que é preciso acadar a solución a través dun convenio coas distintas administracións implicadas.

O Sr. Fafián Torreiro sinala que, o mellor, o Concello ten que asumir a totalidade do arranxo por mor dos desbordes que se producen na rede de saneamento.

A Sra. Alcaldesa contesta que, o mellor, as pluviais da estrada non teñen que ser asumidas polo Concello.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese o ditame a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: seis (6) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: tres (3) abstencións; grupo municipal de Alternativa dos Veciños: un (1) voto a favor. Total sete (7) votos a favor e tres (3) abstencións.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público)

CVD: zYk9e8fa1J0Ky5XAkLuo
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase aprobado, por maioría de votos a favor o ditame que devén en acordo nos termos antes transcritos.

4. APROBACIÓN INICIAL DO PLAN DE SANEAMENTO MUNICIPAL 2023, CUARTA FASE. ACORDOS QUE PROCEDAN.

EXPEDIENTE. 2023/X999/0000048

Dáse conta da proposta ditaminada favorablemente por maioría de votos a favor, pola Comisión informativa de Asuntos do Pleno, en xuntanza do 8 de maio de 2023, que transcrita literalmente di:

"Visto que o saneamento é un dos servizos obrigatorios que debe prestar o Concello ao abeiro do establecido no artigo 26.1 a) da LBRL.

Visto que a execución deste Plan de saneamento municipal é fundamental; na zona de Aldea Covas, no Concello de Bergondo, non dispón dunha rede de saneamento para dar servizo ás vivendas que se sitúan na zona de actuación, polo que acometerase a execución dunha nova rede de saneamento que recolla as acometidas ás vivendas existentes no ámbito de actuación, e renovarase a rede de abastecemento que discorre pola mesma localización, asi como o descabezado da rede de pluviais existente pola AC-161, executando un cruzamento baixo a AC-161 que recolla as redes a ambas as marxes da mesma estrada, e desviando estas pola rede existente na Aldea de Covas. O obxecto desta actuación é reducir a achega de caudal da rede de pluviais que se produce na zona baixa de Miodelo, xa que se están producindo frecuentes inundacións nesta zona. A nova rede de saneamento a executar consiste na implantación de catro colectores de augas residuais que se concentran no punto baixo do trazado, desde onde se impulsan ao pozo existente no camiño local de acceso ao Caño.

Por outra banda, na zona de Tatín, anexa á estrada AC-162 entre os PP.KK. 2+380 – 2+610, acometerase a execución dunha nova rede de saneamento e canalización para a iluminación pública. Debido ao escaso ancho de sección que se dispón na beirarrúa existente (disponse de 1,50 m de ancho), será necesaria a redistribución da sección de servizos para dar cabida a estes novos, polo que procederase á apertura total da gabia de servizos e recolocarase a rede de pluviais existente e, ademais, renovarase a rede de abastecemento, actualmente de PVC de diámetro Ø63 mm, modificando a mesma a PE Ø75 mm.

E por último, na zona do Outeiro-Ouces, executarase unha nova rede de saneamento e pluviais que se conectarán ás redes municipais existentes. Debido á orografía da zona, será necesario executar estas redes por parcelas ou leiras privadas co obxectivo de alcanzar por gravidade un punto de conexión coas redes existentes tanto de pluviais como de saneamento.

Visto que para a execución de algúns destes proxectos que integran este plan (en concreto o de Aldea Covas e do Outeiro-Ouces), consta que, para a execución das obras, hai necesidade de ocupación temporal, nuns casos, e definitiva noutros, de terreos privados, será necesario tramitar o correspondentes expedientes de expropiación forzosa.

Considerando que as obras comprendidas nos plans de obras e servizos locais, levan anexa a declaración de utilidade pública e a necesidade da ocupación dos terreos e edificios neles comprendidos a efectos de

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público)

CVD: zYk9e8fa1J0Ky5XAkLuo
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

expropiación forzosa, conforme dispón o artigo 94 do RDLex. 781/1986, de 18 de abril e o artigo 10 da Lei de Expropiación Forzosa.

No uso das atribucións legalmente conferidas, proponse ao Pleno, que previo ditame da Comisión Informativa de Asuntos Xerais do Pleno, adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO. *Aprobar inicialmente o Plan de saneamento municipal 2023, cuarta fase, que inclúe os proxectos, redactados polo enxeñeiro de camiños, canles e portos Patricio Aguilar Cavanillas, colexiado núm. 7641, que se detallan a continuación:*

1. Proxecto de saneamento en Aldea Covas, Concello de Bergondo, cun valor estimado de 105.644,35 euros; máis 22.185,31 euros de IVE (21%), que fan un total de 127.829,66 euros.

2. Proxecto de Ampliación do saneamento na AC-162 en Tatín, Ouces, Concello de Bergondo, cun valor estimado de 77.627,94 euros; máis 16.301,87 euros de IVE (21%), que fan un total de 93.929,81 euros.

3. Proxecto de saneamento no Outeiro-Ouces, Concello de Bergondo, cun valor estimado de 124.289,15 euros; máis 26.100,72 euros de IVE (21%), que fan un total de 150. 389,87 euros.

SEGUNDO. *Abrir un período de información pública, de acordo co artigo 83 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, por un período de 20 días para a presentación de alegacións, mediante publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Sede electrónica. O prazo computarase a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP.*

Bergondo, 3 de maio de 2023

A Alcaldesa. Alejandra Pérez Máquez."

A Sra. Alcaldesa sinala que, tal e como se ten feito outros anos cando os proxectos de saneamento implican a realización de expropiacións ou a constitución de servidumes, é preciso aprobar un plan de saneamento para que constitúa unha ferramenta que habilita para realizar as expropiacións oportunas. Así pois, sinala que o saneamento de Tatín e Covas xa están aprobados, sendo o motivo da súa inclusión no plan o de poder efectuar as expropiacións necesarias en Covas. Por outra banda, manifesta que se aproveita tamén para engadir o saneamento en Outeiro para o cal aínda non está aprobado o crédito, xa que aínda terá que ir avanzando a súa tramitación ao longo do exercicio.

A Sra. Caseiras Arroyo parécelle que se está a aprobar o Plan demasiado tarde, xa que aínda faltaría a fase de alegacións, de xeito que o acordo non acadaría efectividade ata xullo ou agosto.

A Sra. Alcaldesa sinala que se está realizar con suficiente antelación xa que para o saneamento en Tatín é preciso agardar pola circular da Deputación e xa que o proxecto de Covas está incluído no Pos adicional, de xeito que, con sorte, estarase licitando a finais do exercicio. Por tanto, sinala que é unha cuestión de ter coñecemento dos tempos de tramitación de cada un dos proxectos.

O Sr. Fariña Pedreira manifesta que o seu voto será favorable.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público)

CVD: zYk9e8fa1J0Ky5XAkLuo
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese o ditame a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: seis (6) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: tres (3) votos a favor; grupo municipal de Alternativa dos Veciños: un (1) voto a favor. Total dez (10) votos a favor.

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase aprobado, por unanimidade de votos a favor o ditame que devén en acordo nos termos antes transcritos.

Esta acta foi gravada con audio. Consta no expediente do TEDeC 2023/G010/000005 a dita gravación en formato mp3. A pegada dixital desta gravación de audio é a seguinte:

SHA256: 9ec53e0cc7810b3d4b54142e0ca4fe112804b5500cf6c338d88d596f5a435c4b

O algoritmo de pegada dixital é SHA-256 e o formato da pegada é a hexadecimal en ASCII (base 16). Pódese comprobar co arquivo e a ferramenta autofirma.

Non habendo máis asuntos que tratar, a Sra. Alcaldesa-presidenta levanta a sesión, sendo as dezanove horas e oito minutos do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura dixital da presidenta e da secretaria, que dá fe.

A Secretaria xeral
Ana Mª Cacharrón Castelos

Vº e Pr. A Alcaldesa
Alejandra Pérez Máquez.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público)

CVD: zYk9e8fa1J0Ky5XAkLuo
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.